

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Data do documento: 8 de Marzo de 2021
IES FRANCISCO AGUIAR CURSO 2020/2021

Conste polo presente documento, unha addenda á Programación Didáctica da materia de Economía da Empresa pertencente ao Departamento de Economía.

Tras a reunión dos membros do departamento o 25 de febreiro de 2021 apróbase a modificación dos procedementos para unha avaliación a distancia e corríxense uns erros referente ás datas de avaliación.

MODIFICACIÓNS QUE AFECTAN Á AVALIACIÓN

Na páxina 25 modificamos os mecanismos para a avaliación nun contexto a distancia; quedarían como sigue:

No caso de non ser posible a realización de probas presencias, realizaranse tarefas a través da aula virtual, as cales representarán o 60% da nota de esa avaliación; a non realización destas tarefas será puntada con un cero, excepto que non poidan realizalas por causas xustificadas. O outro 40% determinarase a través de probas ou controis realizadas a través de medios electrónicos.

CORRECCIÓN DE ERRATAS

Na páxina 74 modifícanse os meses de realización das probas recuperación da materia de 2º bacharelato, serían maio e xuño. A redacción sería a seguinte:

Na primeira e segunda avaliación se realizará unha proba de recuperación escrita. O remate da terceira avaliación, aqueles alumnos e alumnas que suspendesen unha ou mais avaliacións terán a posibilidade de presentarse a proba de maio, con aqueles contidos das avaliacións non superadas, que terá un valor do 100%. A cualificación resultante será a media entre esta proba e a/as avaliación/s xa aprobadas anteriormente.

Aqueles alumnos/as que pola súa evolución ao longo do curso non acaden unha cualificación final de 5 ou superior, deberán realizar unha proba de recuperación extraordinaria no mes de xuño a fin de acreditar ter alcanzado os obxectivos xerais do curso e que terá un valor dun 100% da cualificación. Esta proba extraordinaria do mes de xuño terá o mesmo formato que as probas realizadas ao longo do curso.

CONSTANCIA DAS MODIFICACIÓNS

Todos os aspectos relevantes á modificación da Programación Didáctica do Departamento de Economía serán publicados a través da páxina web do Centro.